



MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 6º EP · 22-23

LINGUAS GALEGA E CASTELÁ 6º EP	<i>Mínimos Esixibles 22-23</i>
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL, FALAR E ESCOITAR	
<ul style="list-style-type: none">• Exprésase de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente.• Comprende o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias e identifica ideas ou valores non explícitos.	
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER	
<ul style="list-style-type: none">• Le en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada e respectando os signos de puntuación.• Resume un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos .	
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR	
<ul style="list-style-type: none">• Produce textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura, aplicando as regras ortográficas e cuidando a caligrafía, orde e presentación.• Planifica e redacta textos seguindo os pasos correctos: planificación, redacción, revisión e mellora.• Sistematiza a adquisición de vocabulario a través de diferente tipoloxía de textos, incorporándoo aos seus traballos de expresión escrita.• Aplica os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, gramática, vocabulario, así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA	
<ul style="list-style-type: none">• Morfoloxía: coñece e analiza correctamente as categorías gramaticais das palabras (determinantes, substantivos, verbos, adxectivos, adverbios, conxuncións, preposicións e interxeccións).• Sintaxe: Analiza as oracións simples identificando suxeito, predicado e	



oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.

- Coñece o sistema sesaxesimal para realizar cálculos e resolver problemas coas medidas angulares e de tempo.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

- Utiliza as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- Coñece as figuras planas (cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo): elementos e propiedades. Sabe calcular o seu perímetro e a súa área e utiliza este coñecementos para a resolución de problemas.
- Interpreta unha situación espacial: itinerarios, planos...realizada a partires dun sistema de referencia, de obxectos ou situacións familiares.
- Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, arco, tanxente e sector circular e calcula o seu perímetro e área.
- Coñece e clasifica as principais figuras tridimensionais: Cubo, esfera, pirámide, cono...) como iniciación ao concepto de volume.

BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

- Le, interpreta e rexistra unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información
- Calcula a media artimérica dunhas cantidades dadas
- Fai estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.



CIENCIAS DA NATUREZA 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

BLOQUE 2.- O SER HUMANO E A SAÚDE

- Coñece as funcións vitais do corpo humano e identifica e localiza os principais órganos implicados na realización de ditas funcións, establecendo algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

- Coñece a estrutura básica dos seres vivos: as células (clases e partes)
- Identifica e clasifica diferentes seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.
- Coñece as funcións vitais das plantas, así como a súa estrutura básica.
- Distingue as características, clases e compoñentes dos ecosistemas , así como o seu coidado e preservación.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA.

- Coñece o que é a materia, as súas propiedades, estados e cambios tanto físicos como químicos.
- Sabe que é a enerxía e identifica os seus tipos.
- Distingue entre enerxías renovables e non renovables e relaciónaas co desenvolvemento enerxético e sostible.

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

- Coñece os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos e o seu funcionamento.
- Coñece as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica (compoñentes e funcionamento) e o magnetismo.
- Identifica os principais avances da ciencia e da tecnoloxía., cos seus beneficios e riscos.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.



CIENCIAS SOCIAIS 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

- Identifica os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.
- Explica que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características das principais paisaxes de España e de Europa.
- Identifica as principais unidades de relevo de España e Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.
- Identifica a estrutura e os fins da Unión Europea, explica algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea e os países que a forman.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

- Comprende e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.
- Identifica as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.
- Explica as características esenciais dunha empresa especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver e distinguindo entre os diferentes tipos de esta.

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

- Coñece e sitúa nunha liña temporal os feitos máis importantes que teñen acontecido na idade contemporánea en Galicia e España.
- Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultural de España nesa época.
- Coñece os principais movementos artísticos desta época, algúns dos seus representantes máis relevantes así como as súas obras máis coñecidas.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.



EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

BLOQUE 1 EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

- Analiza de maneira sinxela, e utilizando terminoloxía axeitada, imaxes fixas atendendo ao tamaño, formato e elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
- Identifica as formas xeométricas do seu contorno próximo.
- Coñece as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural e adquire unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA.

- Realiza producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade de diferentes materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.
- Representa volumes utilizando recursos como cores, claroescuros, corte, dobra e encartado.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.

BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO

- Identifica conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas e coa súa aplicación gráfica.
- Iníciase no coñecemento e manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico e empregao adecuadamente.
- Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferencias e similitudes.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.



EDUCACIÓN ARTÍSTICA MÚSICA 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- Mostra actitude de respecto cara o docente e o resto de compañeiros e compañeiras.
- Mostra interese e actitude participativa nas actividades de audición, vocais, instrumentais e de movemento.
- Mostra interese pola utilización dos medios tecnolóxicos (aula virtual, encerado dixital, ordenador, tablet) para estudar e/ou preparar os contidos tratados na aula.
- Colabora cos compañeiros e compañeiras para a obtención dun produto musical final óptimo para o seu nivel.
- Acode regularmente a clase cos materiais persoais do alumnado.
- Coida e respecta o material musical, tecnolóxico e o mobiliario da aula.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- ✓ Observación diaria.
- ✓ Interpretacións vocais.
- ✓ Probas de práctica instrumental, individual e/ou colectiva.
- ✓ Probas escritas e orais de audicións.
- ✓ Probas escritas e orais de linguaxe musical.

LINGUA INGLESA 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
- PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
- PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un



tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.

- PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
- PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
- PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
- PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En sexto curso de educación primaria teremos en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

- ✓ O **traballo diario** na clase, o **esforzo** mediante a observación directa do alumnado na clase e as actividades realizadas no Activity Book. Isto conta un 30 % da nota final de cada trimestre. Penalizarase ao alumnado con 0,5 puntos menos cada vez que traia as tarefas sen facer.
- ✓ A **participación** na clase, levantando a man e intervindo cando se pregunta. Isto conta un 10% da nota final de cada trimestre.
- ✓ As **probos realizadas ao final de cada unidade** contarán un 60% da nota final de cada trimestre, dentro desta porcentaxe teranse en conta as catro destrezas: speaking un 25%, listening un 25%, reading un 25% e writing un 25%. Dentro dese 60 % o Activity Book contará un 20%, os proxectos que fagamos serán puntuados cun 20% e as probas realizadas contabilizarán outro 20% da nota.
- ✓ Ao final de cada unidade didáctica farase tamén unha **autoavaliación**.
- ✓ A avaliación sumativa farase mediante diferentes **rúbricas** para avaliar ao alumnado de sexto de educación primaria.



- ✓ As notas finais de cada trimestre serán do 1 ao 10, sendo dun cinco para arriba un aprobado, que quere dicir que o alumno/a adquiriu os obxectivos mínimos esixidos e dun cinco para abaixo significa que o alumno/a non adquiriu os obxectivos mínimos.

EDUCACIÓN FÍSICA 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- Ponse en valor e ten en conta na xusta medida as opinións dos demais.
- Valora aos demais sen discriminar por razón de sexo, capacidade ou opinión.
- Actúa con confianza, pero respectando as normas de seguridade.
- Recoñece as condutas antideportivas e violentas nos campos de xogo e non as reproduce.
- Soluciona os conflitos coa palabra.
- Valora o divertimento sen centrarse unicamente nos resultados.
- Respecta as construcións e lugares históricos.
- Resolve con facilidade actividades en rede.
- Comprende e pode explicar novas aparecidas en medios de comunicación.
- Ten unha auto-imaxe axustada.
- Resolve problemas físico-deportivos de xeito hábil e creativo de ser o caso.
- Fai un correcto aseo de mans.
- Manipula correctamente a máscara.
- Coñece e aplica as normas máis habituais de circulación viaria, como peón, como ciclista e como usuario de transporte público e privado.
- Utiliza diversas formas de desprazamento.
- Combina desprazamentos diferentes.
- Adapta os desprazamentos ás necesidades que plantexa a actividade.
- Combina os desprazamentos con outras habilidades.
- Executa con economía e efectividade os saltos, tanto en altura como en lonxitude.
- Combina saltos diferentes.
- Adapta os saltos ás necesidades que plantexa a actividade.
- Executa con economía e efectividade os xiros sobre o eixo vertical.
- Executa con economía e efectividade os xiros sobre o eixo transversal.
- Golpea coa man con forza e precisión suficientes.



- Golpea co pé con forza, precisión e direccionalidade suficientes.
- Golpea con obxectos con forza e unha precisión mínima.
- Recepciona os obxectos golpeados por el-ela mesmo-a ou por outros-as.
- Lanza obxectos con forza, precisión e dirección minimamente axeitadas.
- Recepciona obxectos lanzados por outros-as.
- Conduce coa man obxectos, sen que lle fuxa o obxecto conducido.
- Conduce co pé obxectos sen que lle fuxan do seu control.
- Bota cunha man cun mínimo control do balón.
- Transporta obxectos sobre diferentes partes do corpo.
- Executa con economía e efectividade equilibrios.
- Combina equilibrios con diferentes desprazamentos.
- Presta atención en clase.
- Aplica as diferentes habilidades aprendidas en actividades no medio natural.
- Coñece as posibilidades lúdicas do medio natural.
- Pode interpretar planos sinxelos do propio centro.
- Segue pistas para atopar lugares ou obxectos.
- Coida o medio natural.
- Aplica as habilidades e c.f.b. para resolver as tarefas.
- Sabe algún exercicio característico para desenvolver cada unha das cualidades físicas básicas.
- Ten un nivel de expresividade suficiente, sendo quen de comunicar o que realmente quere.
- Interpreta e expresa sensacións e situacións da vida real.
- Segue pequenas coreografías dadas.
- Aporta para crear pequenas coreografías en grupo.
- Sabe cales son os piares dunha alimentación saudable.
- Gústalle practicar deporte, bailes, e calquera outra actividade físico-deportiva.
- Recoñece as principais substancias prexudiciais para a saúde.
- Coñece as principais partes dun quentamento.
- Sabe dosificar o esforzo.
- Executa un quentamento o máis completo posible, atendendo ás idades en que estamos.
- Sabe un exercicio para estirar cada grupo muscular e execútao con corrección e



seguridade.

- Coñece os principais grupos articulares e polo menos un exercicio axeitados para cada un deles.
- Ten unha técnica e táctica individuais suficientes.
- Coñece un número suficiente de xogos tradicionais de Galicia.
- Coñece os materiais e espazos de cada xogo e sabe colocarse neles ou utilízalos.
- Segue as normas dos xogos.
- Ten unha batería suficiente de xogos de todo tipo para encher o seu tempo de lecer.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- ✓ No nivel final de Primaria o instrumento fundamental, en educación física seguirá sendo a observación directa, reflectindo calquera cuestión relevante que ocorra nas sesións no espazo da folla de programación das sesións diarias reservado para elas.
- ✓ Tamén utilizaremos táboas de recollida de datos en caso das probas de salto, coreografías, equilibrio, coordinacións óculo-man e óculo-pédica, test de habilidade, e de certas calidades físicas básicas como son o salto, a velocidade, a elasticidade e a forza, sempre adaptadas ao nivel no que estamos traballando.
- ✓ En determinadas circunstancias poderíamos pedir a realización de traballos de recollida de datos, como as escolmas de xogos populares ou sobre especies, problemas medioambientais, etc nas saídas ao medio natural próximo.
- ✓ Por último, poderíamos realizar, en situacións meteorolóxicas adversas exercicios online na aula virtual ou ben na PDI da aula, así como fichas fotocopiadas. De todos estes exercicios tómase nota sobre a calidade e acertos, sendo que as actividades de elaboración propia online ou doutros-as compañeiros-as soen autoavaliarse.

Os aspectos que imos avaliar neste eido serán:

- A) É quen de entrar na Aula Virtual sen dificultade.
- B) Sabe ir á actividade que se solicita?
- C) Comprende o que se lle pide no exercicio?
- D) Os seus coñecementos permítenlle solventar a actividade con facilidade?



- E) Pode gardar ficheiros, capturas de pantalla, etc?
- F) Elabora un texto con imaxes sobre algún aspecto da Educación Física?
- G) Elabora unha presentación de diapositivas e pode expoñela aos demais?
- H) É quen de entregar no lugar axeitado o exercicio resolto?

Deses resultados tomaremos nota e axudaremos para que a actividade cumpla co seu obxectivo que non é unha nota senon a aprendizaxe.

RELIXIÓN 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

- Relacionar las grandes religiones vigentes, descubriendo sus principales semejanzas y diferencias.
- Describir qué consecuencias tiene en el ser humano el hecho de ser creado y amado por Dios como hijo
- Señalar en textos evangélicos el origen de la Iglesia como continuidad de la misión de Jesucristo.
- Identificar algunas instituciones de la Iglesia dedicadas a la ayuda a los necesitados.
- Interpretar el significado trascendente del arte religioso, y distinguir las fiestas civiles de las fiestas cristianas.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS 6º EP

Mínimos Esixibles 22-23

BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

- Configura o seu estilo persoal baseado na respectabilidade e na dignidade.
- Desenvolve o propio potencial, esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.
- Adquire capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar as frustracións ante os problemas.

BLOQUE 2. A COMPRENSION E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS.

- Utiliza habilidades sociais (escoita activa, empatía, asertividade, observación e análise, altruismo), como práctica habitual da intelixencia interpersonal.
- Inicia, mante e finaliza conversas cunha fala adecuada cara os interlocutores e ao contexto, creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.



BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS.

- Resolve problemas en colaboración, manifestando unha actitude aberta cara aos demais e traballa en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias, compartindo puntos de vista e sentimentos.
- Comprende a declaración de igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.
- Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE 6º EP

- ✓ Actitude e participación do alumnado nas distintas actividades.
- ✓ Observación directa do alumnado avaliando a súa conduta.
- ✓ Revisión do caderno de aula.
- ✓ Traballos tanto individuais como de xeito cooperativo.
- ✓ Probas específicas orais e escritas.